

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, Xosé M. Beiras Torrado, Juan M. Fajardo Recouso, Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz e Eva Solla Fernández, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión**.

Neste mes de xaneiro de 2016 o Consello Económico e Social de Galicia vén de tirar do prelo un monográfico sobre a pobreza e a exclusión social. O informe está cheo de datos esmagadores sobre como está a afectar esta longa crise sistémica ás clases populares do noso país.

Como consecuencia da crise económica, a partir de 2007 produciuse unha desaceleración económica profunda e prolongada que se traduciu nunha caída do 7% do PIB nominal entre 2008 e 2014, cuns efectos devastadores no emprego, cunha perda do 17% do número de ocupados entre os segundos trimestres de 2008 e 2014 e que implicou unha caída de 9 puntos porcentuais na taxa de ocupación e un aumento de 16 puntos da taxa de paro (22,3% no segundo trimestre de 2014, baixando ao 20% no de 2015).

O desemprego chegou a acadar o 50% entre os menores de 25 anos un 40% entre os estranxeiros non comunitarios, de aí a inversión dos fluxos migratorios. Sendo a caída do PIB (5,2%) e da ocupación (16%) menores no conxunto do Estado ca en Galicia.

En canto á desigualdade, tradicionalmente Galicia era máis homoxénea que a media do Estado, porén, segundo o CES obsérvase un aumento da desigualdade a partir de 2011. Os ingresos do 20% máis rico da poboación galega en 2013 equivalía a 4,5 veces os do 20% máis pobre, fronte a 4 veces en 2008.

Galicia presenta unha taxa de pobreza de entre o 15,4 e o 16,6% da poboación con rendas de 2013. Hai un incremento alarmante de pobreza infantil e xuvenil debido á exposición dos seus fogares ao desemprego e debido á carencia de políticas de protección á infancia común noutros países europeos (prestacións universais por fillo a cargo ata que acada unha determinada idade).

A taxa de risco de pobreza dos menores de 16 anos aumentou sete puntos porcentuais (un 46%) entre 2008 e 2012, pasando do 15,2% ao 22,2% e baixando lixeiramente en 2013 ata o 21,4%, aínda un 41% superior. Maior foi o incremento do risco de pobreza dos que teñen entre 16 e 24 anos, que pasou do 15,4% en 2007 ao 25,1% en 2013 (un aumento do 63%). Isto implica que case 75 mil nenos de menos de 16 anos e uns 52 mil rapaces de entre 16-24 anos estaban en situación de risco de pobreza en 2013.

Tamén hai diferenzas rexionais no risco de pobreza. En 2013 a incidencia da pobreza é do 12% nas áreas de Santiago de Compostela e centro e oriente da provincia de Lugo. Do 15% nas áreas da Coruña e Ourense. E supera o 18% nas áreas de Vigo e Pontevedra, e mesmo o 20% noutras áreas como o sur de Pontevedra a Costa da Morte ou o Carballiño/Ribeiro.

A taxa de risco de pobreza aumentou do 13,9% da poboación en 2008 a 22,3% en 2013, un 60%. Isto implicaría 608 mil persoas en risco de pobreza. Para menores de 16 anos, a pobreza tería aumentado do 15,2% en 2008 ao 28,5% en 2013, incremento do 87%. Entre os mozos de 16-24 anos pasaría do 16,3% ao 33%, duplicándose. A pobreza entre maiores de 65 anos teríase reducido entre 2007-2009 para acabar no 15,7% en 2013. Das 608 mil persoas en risco de pobreza, case que 100 mil serían nenos menores de 16 anos e outros 68 mil mozos e mozas de entre 16 e 21 anos.

En 2014, en Galiza aínda había 654 mil persoas, o 23,8% da poboación en risco de pobreza ou exclusión social, un punto menos que en 2013. Porén, as persoas en situación de privación material severa, 151 mil aumentaba un punto máis que en 2013. Aumentaba en 0,8 puntos os fogares galegos con baixa intensidade laboral (14,9%). As persoas con pobreza severa (ingresos inferiores a 332 euros/mes) xa son o 3,5% da poboación galega: 96 mil persoas.

No informe do CES afírmase que a Lei 10/2013 de 27 de novembro de inclusión social de Galicia podería ser unha ferramenta para atallar algún destes problemas e que unha tarefa inmediata que debería levar a cabo a Xunta de Galicia sería publicar o Decreto regulador da Lei, feito que está a incumprir a disposición final da Lei que daba un prazo de seis meses para a súa publicación.

Por todo isto Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte pregunta para resposta oral en Comisión:

Que medidas específicas está a tomar a Xunta de Galiza en relación coas zonas do país especialmente afectadas polo aumento da pobreza e a exclusión social, nomeadamente as zonas da Costa da Morte, sur da provincia de Pontevedra, Vigo, Pontevedra cidade e Carballiño/Ribeiro?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 26/01/2016 11:55:52

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 26/01/2016 11:56:00

Ramón Vázquez Díaz na data 26/01/2016 11:56:08

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 26/01/2016 11:56:11

Eva Solla Fernández na data 26/01/2016 11:56:15

Jose Javier Ron Fernandez na data 26/01/2016 11:56:19